

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Expediente: 3906/2024

Data e hora de realización

10 de setembro de 2024 ás 9.30 horas

Lugar de realización

Secretaría municipal do Concello de Boiro

Persoas asistentes

PRESIDENTE

José Luis Ruíz Laíño, concelleiro de Urbanismo.

SECRETARIA

Beatriz González Vecín, Técnica de Contratación.

VOGAIS

Ángela Viqueira Allo, secretario municipal.

María López Docampo, interventora municipal.

J.Emilio Piña Ordíz, arquitecto municipal.

Orde do día

1.- Acto de apertura oferta criterios xuízo de valor (art. 159): 3906/2024 - Mellora de bombeo de auga potable no lugar de brazos para minimizar perdas de auga.

Procédese a apertura do sobre B das empresas que presentaron oferta:

| EMPRESA | CIF |
|-------------------------|-----------|
| ELITE PADRÓN SL | B14944879 |
| INSTALACIONES HERFER SL | B15581119 |
| NEMESIO ORDÓÑEZ SA | A15146608 |

Compróbase se as ofertas recibidas cumpren coa presentación da declaración responsable e da documentación relativa aos criterios sometidos a xuízo de valor de acordo co contido no PCAP e requiridas no sobre B.

As empresas licitadoras **ELITE PADRON SL** presenta a documentación do sobre B Anexo II do PCAP correspondente á declaración responsable, non así a documentación correspondente aos criterios sometidos a xuízos de valor, e anexo III modelo de proposición económica. Este anexo III correspondente aos criterios de valoración automática debía incorporarse no sobre C.

A empresa licitadora **INSTALACIONES HERFER SL** presenta a documentación do sobre B anexo II do PCAP, non así a documentación correspondente aos criterios sometidos a xuízos de valor e incorpora un orzamento que se entende como información correspondente aos criterios de valoración automática que terían que incorporarse no sobre C.

De acordo co recollido no **artigo 12 do PCAP** que regula o contido de ambos os dous



sobres e que regula esta contratación en concordancia co regulado no artigo 159.4 d) e e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que indica:

[...]

La oferta se presentará en un único sobre o arquivo electrónico en los supuestos en que en el procedimiento no se contemplen criterios de adjudicación cuya cuantificación dependa de un juicio de valor. En caso contrario, la oferta se presentará en dos sobres o archivos electrónicos.

La apertura de los sobres o archivos electrónicos conteniendo la proposición se hará por el orden que proceda de conformidad con lo establecido en el artículo 145 en función del método aplicable para valorar los criterios de adjudicación establecidos en los pliegos...

En todo caso, la valoración a la que se refiere la letra anterior deberá estar efectuada con anterioridad a la apertura del sobre o archivo electrónico que contenga la oferta evaluable a través de criterios cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas [...]

Polo anteriormente exposto a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO. A exclusión das empresas licitadoras **ELITE PADRON SL e INSTALACIONES HERFER SL** para continuar na licitación por incumprimento do recollido no artigo 12 do PCAP en relación co artigo 159 da LCSP sobre a documentación a incorporar no sobre B.

SEGUNDO. A admisión da empresa licitadora **NEMESIO ORDÓÑEZ SA** para participar na licitación.

TERCEIRO. En relación coa empresa licitadora **NEMESIO ORDÓÑEZ SA** a súa documentación técnica requirida no sobre B e achegada pola mesma é remitida ao arquitecto municipal presente na sesión para a súa avaliación e formulación de proposta de puntuacións a outorgar á empresa participante nesta fase de cara a determinar o seu pase a segunda fase do procedemento de contratación segundo o previsto no PCAP.

Non sendo máis os asuntos a tratar, dase por rematada a sesión cando son as 9.35 horas.

A secretaria da mesa
O presidente da mesa
Documento asinado electronicamente

